

BIBLIOTECA VIRTUAL XUÑO 2020

AGRADECIMENTO

Despois de varios meses de confinamento onde demostrastes a vosa valentía e fortaleza, chegou o verán. Un verán diferente pero que nos fai pensar nas vacacións, no descanso, no lecer e tamén nas despedidas.

A gran familia que formamos o colexio do Couto está de despedida: **os alumnos/as de 6º** inician unha nova etapa chea de soños e inquedanzas, hai mestres/as que cambian de colexio e outros mestres como **Piedad, Antonio e Pepi** empezan unha etapa de merecido descanso.

Pois ben... Porque todos forman parte de nós, porque con eles compartimos momentos, experiencias e vida, porque os levamos nos nosos corazóns, estas páxinas da biblioteca van ir dedicadas a eles.

Gustaríanos que fose doutro xeito pero as circunstancias mandan e debemos ser responsables.

Agradecer dende a biblioteca a colaboración e axuda de todos eles. Pois xa fora como axudantes, como membros do equipo ou como mestres, co seu traballo e implicación fixeron que a biblioteca funcionase mellor.

A todos vós, nenos e nenas do colexio, aproveitade este tempo de lecer para pasalo ben. Disfrutade das pequenas cousas da vida que as veces pasan desapercibidas. Sede moi felices. Non vos esquezades de ler, moito ou pouco, pero LEDE.

Foi un pracer acompañarvos dende este recuncho durante este período de confinamento. Lembrede que a web da biblioteca virtual estará a vosa disposición durante todo o verán. Non dubidedes en entrar.

Esperamos vervos á volta. Ata entón pensaremos moito en vós. Bo verán!!



